

galicia

# medidas activas para o emprego no sector do metal e auxiliar naval

BUSCANDO O CAMIÑO DA EMPREGABILIDADE

empreganav



COMISIÓN EUROPEA  
DG de Empleo, Asuntos Sociales  
e Inclusión  
Fondo Europeo de Adaptación  
a la Globalización



XUNTA  
DE GALICIA

# O proxecto

O proxecto EMPREGANAV, cofinanciado pola Comisión Europea a través do Fondo Europeo de Adaptación á Globalización (FEAG) e a Xunta de Galicia (Consellería de Economía e Industria e Consellería de Traballo e Benestar), é unha iniciativa que pretendía **fomentar a reinserción laboral das persoas desempregadas do sector do metal e auxiliar do naval provenientes de empresas de Galicia** con CNAE 25 "Fabricación

de produtos metálicos, excepto maquinaria e equipos", cuxo despedimento se produciu por causas obxectivas entre o 23 de marzo e o 23 de decembro de 2011.

Este proxecto executouse de forma conxunta pola Xunta de Galicia en colaboración cos axentes sociais participantes na mesa do sector naval do Diálogo Social en Galicia: **a Asociación**

## Obxectivos

O obxectivo último era reconducir cara a outras alternativas as persoas que perderan o seu posto de traballo no sector do metal e auxiliar do naval e promover a súa inserción laboral.

As medidas empregadas foron:

- **Asistencia na procura dun emprego.**
- **Reciclaxe profesional a medida.**
- **Promoción do espírito empresarial e a asistencia con vistas ao establecemento por conta propia.**

Medidas para incentivar, en particular, as persoas con discapacidade ou de máis idade a que permanezan ou se reintegren no mercado laboral.

## Estratexia

Deseñouse un plan integrado, feito a medida dos traballadores afectados do sector, para podelos **acompañar persoal e individualizadamente no proceso que comprende desde o despedimento ata a súa reinserción no mercado laboral.**

de Industriais Metalúrxicos de Galicia- ASIME, a Federación de Industria de CCOO Galicia, e a Federación de Industria, Metal, Construción e Afíns de UGT, MCA-UGT.

Ademais, segundo se acordou no Diálogo Social, contouse coa participación da **Fundación Galega do Metal - FORMEGA**, entidade sen ánimo de lucro, formada polos tres axentes sociais do

sector, e que ten como misión mellorar a formación e a cualificación dos profesionais do sector do metal de Galicia.



1 Entrevista persoal



3 Axudas

2 Accións de asesoramento e formación individualizadas

4 Novo emprego



# Accións



Taller Fomento  
Espírito Empresarial



Orientación  
Laboral por  
Conta Propia



Curso  
Habilidades de  
Autoemprego

1

## Acolida e diagnóstico inicial:

Divulgación do proxecto Empreganav, sensibilización, motivación dos participantes e coñecemento das situación inicial.

Contacto con  
empresas do  
CNAE 25

Xornadas de  
difusión

Chamadas  
Telefónicas

**618**  
contactados



**454**  
firmaron o compromiso  
de participación

2

## Medidas de sensibilización:

Talleres especializados en varios ámbitos para encañar a participación:

- /Experiencias relacionadas co cambio de traballo.
- /Obtención do Certificado de Profesionalidade.
- /Obtención do certificado de Graduado na Educación Secundaria Obrigatoria.
- /Como iniciar unha actividade empresarial por conta propia.

3

## Programa de orientación:

Recolocación e seguimento no emprego.

### /Orientación por conta allea:

Tras un diagnóstico inicial procedeuse ao asesoramento laboral de 421 usuarios/as interesados, partindo dun itinerario personalizado en base ás necesidades detectadas.

### /Orientación laboral para o autoemprego:

Aproximadamente 78 usuarios/as recibiron sesións de motivación e asesoramento individual para o autoemprego, así como axuda para realizar un plan de negocio.

## 4 Programa de formación:

Esta formación dotou os traballadores dunha maior empregabilidade, ben a través dunha recualificación profesional ou ben mediante un incremento das súas competencias.

+ cualificación  
+ competencias = + empregabilidade

 **85**  
usuarios/as

**/Formación en competencias básicas:**  
Adquisición de competencias e coñecementos correspondentes á educación básica: cursos de preparación para a obtención do gradudado de Educación Secundaria Obrigatoria e cursos para a obtención das competencias clave requeridas para o acceso aos certificados de profesionalidade.

 **15**  
usuarios/as  
con título

**/Formación fóra do sector:**  
Realizáronse cursos de reciclaxe destinados a proporcionar unha nova cualificación profesional fóra do sector.  
  
Entre eles hai que destacar o curso de polimantenedor industrial cunha duración de 465 horas.

 **+ 200**  
usuarios/as

**/Formación para a activación laboral:**  
Leváronse a cabo diversos cursos de contido eminentemente práctico e de curta duración, destinados a incentivar e capacitar os usuarios/as no proceso de procura de emprego, a través de ferramentas e métodos adecuados e adaptados ao mercado de traballo actual, dando prioridade ao uso das novas tecnoloxías.

 **+ 99**  
usuarios/as

**/Formación dentro do sector:**  
Leváronse a cabo accións formativas dirixidas a recualificar os traballadores con máis posibilidades de recolocarse dentro do propio sector.  
  
Entre elas pódense mencionar: Homologación de soldadura; Iniciación á soldadura; Soldadura nivel avanzado; Trazado e mecanizado de tubaxe; etc.

 **+ 250**  
usuarios/as

**/Formación transversal:**  
Realizáronse cursos destinados á adquisición de competencias transversais enfocadas ás necesidades específicas de cada un dos participantes.

Entre os cursos levados a cabo, cómpre destacar: Prevención de riscos laborais; Xestión de stocks e almacéns; Informática; Inglés; Manipulador de alimentos; Operador de carretillas e plataformas elevadoras; CAP; Loita contra incendios; etc.

 **+ 60**  
usuarios/as

**/Formación en autoemprego:**  
Realizáronse cursos eminentemente prácticos, orientados á promoción do espírito empresarial e ao establecemento por conta propia, dentro ou fóra do sector.

Entre eles cómpre destacar: Creación de proxectos de emprendemento; Desenvolvemento de habilidades de autoemprego; Axudas e liñas de financiamento para empresas e autónomos; Creación dun plan de negocio; etc.

# Accións



Curso de Técnicas de Busca de Emprego



Formación en Competencias Básicas



Curso de Operador de Plataformas Elevadoras

5

## Programa de inserción:

Á vez que se realizou o programa de orientación, procedeuse á incursión no mundo laboral, entendida como o proceso que debe seguir cada usuario/a para conseguir melloorar a súa empregabilidade e, deste xeito, ter maiores oportunidades de acceso ao mercado laboral.

Apoio á  
recolocación

**+ 200**  
usuarios/as

Seguimento  
no emprego

**+ 165**  
usuarios/as

6

## Medidas de acompañamento:

Estas medidas serviron de apoio aos participantes nos ámbitos de certificación de experiencia profesional e creación de empresas.

Dispositivo de  
acreditación de  
certificación

Procura de  
oportunidades  
de negocio

7

## Programa de incentivos:

Este programa articulouse como un dispositivo de motivación ao usuario para a súa participación activa nas medidas deseñadas, mediante incentivos económicos. Así mesmo, os devanditos incentivos cumpriron tamén unha función de cobertura de gastos en que puido incurrir o usuario na participación no plan.

Participación activa

Desprazamento

Fomento para o espírito empresarial

Inserción laboral por conta allea

Conciliación familiar

## Resultados acadados

**+ 450**  
persoas beneficiarias

Máis de 450 persoas beneficiarias do proxecto firmaron o compromiso de participación.

**+ 85%**  
compromiso de participación

Máis dun 85% dos indicadores do proxecto foron acadados.

**+ 40%**  
reinsertados

Máis do 40% dos usuarios/as potenciais foron reinsertados no mundo laboral durante un período de tres meses como mínimo.

empreganav

[www.empreganav.com](http://www.empreganav.com)